



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
CELEBRADA O 26 DE SETEMBRO DE 2019.**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTA:**

María Inés Monteagudo Romero (PP)

**CONCELLEIROS/AS:**

D. José Vázquez Rama (PP)  
D<sup>a</sup> María del Carmen González García (PP)  
D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)  
D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño (PSOE)  
D<sup>a</sup> María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)  
D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)  
D. Ramón Lago Tajés (PSOE)  
D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres (CxG)  
D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)  
D<sup>a</sup> María Lago Lestón (BNG)  
D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo (BNG)

Non asiste don José Manuel Quintela Fernández (CxG)

**INTERVENTOR**

D. Fernando Vicente Abrales Rois

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup> María Ofir Aboy García

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia reúnen en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do pleno da corporación, asistidos de min, a secretaria xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

**ORDE DO DÍA**

**A Parte Dispositiva**





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**Primeiro.-Aprobación da acta da sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2019 e da sesión extraordinaria e urxente de data 11 de setembro de 2019.**

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero procede a preguntar ós membros da corporación se teñen algunha observación que dicir respecto da actas que se presentan para a súa aprobación polo pleno.

Intervén a voceira do grupo municipal CXG dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que no punto quinto da acta do pleno do día 31 de xullo hai un pequeno erro que non ten importancia consistente en poñer ou en vez de o na intervención realizada pola secretaria da corporación.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón para dicir que na súa intervención na parte de rogos e preguntas de esa mesma acta do día 31 de xullo aparece un erro na denominación do Lugar de Alivía que pon Libía.

Se corrixen estas palabras na acta e se procede a votación da actas correspondentes ao día 31 de xullo de 2019 e 11 de setembro de 2019 , as cales son aprobadas por unanimidade dos membros da corporación.

**Segundo.-Aprobación inicial do expediente núm. 845-2/2019 de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado.**

Intervén a alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero para dicir que a proposta que se presenta ao pleno ven co infome favorable da comisión informativa correspondente. Explica que no POS 2019 se solicitou unha cantidade de 37.044,67 euros en concepto de prestamo sen interese para amortizar anticipadamente unha operación de prestamo formalizado co Banco Bilbao Bizcaya, que a cantidade xa foi ingresada pola Deputación e procede agora para poder levar a cabo a amortización incoar un expediente de concesión de suplemento de crédito para poder incorporar eses cartos na partida correspondente e amortizar ese crédito. A proposta tamén ven cos informes favorables de intervención e pasa a leer a proposta que se trae ao pleno que é do teor literal seguinte:

*Realizado con data 17/06/2019 o ingreso material de 37.044,67 euros en concepto de préstamo sen intereses concedido ao Concello de Muros no marco do POS + 2019 destinado a amortización parcial anticipada do préstamo a longo prazo formalizada co BBVA núm. 0182.5947.0895.45491941.*

*Redactada memoria da Alcaldía co contido material previsto no artigo 37.2. do RD 500/1990, do 20 de abril, e polo tanto quedando debidamente xustificada a procedencia da modificación, a natureza específica e determinada do gasto, así como o carácter de fonte de financiamento da modificación dos recursos percibidos.*

*Visto o informe favorable de intervención núm. 2015/2019 do 26/08, ca indicación de que non resulta posible realizar o cálculo dos custes financeiros derivados da amortización anticipada ao non figurar no contrato de préstamo formalizado co BBVA a variable que constitúe o activo subxacente do derivado financeiro asociado a operación.*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Considerando que se trata de gastos inaprazables que non poden demorarse ao exercicio seguinte, que se trata, igualmente, de gastos específicos e determinados, e que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Orzamentario das Entidades Locais.

Visto o anterior, Se propón ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente núm. 845-2/2019 de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado, de acordo co seguinte detalle:

**I.- ESTADO DE GASTOS**

**I.A) Habilitacións**

Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
2019/2/AMORT/1	19/011.91303	Amortización anticipada préstamo BBVA núm. 4549941	37.044,67
		<b>TOTAL habilitacións</b>	<b>37.044,67</b>

**II.- ESTADO DE INGRESOS. FINANCIAMENTO**

**II.A) Con cargo ao Remanente líquido de tesourería**

Proxecto	Partida	Expresión	Importe
		<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>

**II.B) Baixas ou anulacións de créditos**

Partida	Expresión	Importe
	<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>

**II.C) Novos ingresos efectivamente recadados sobre os previstos no orzamento**

Proxecto	Partida	Expresión	Importe
2019/2/AMORT/1	19/911.00	Préstamo D. Provincial sen intereses POS + 2019	37.044,67
		<b>TOTAL</b>	<b>37.044,67</b>

**III. RESUMEN DA MODIFICACIÓN**

Expresión	Euros
1.Total suplemento de crédito	37.044,67
2.Financiamento:	37.044,67
a) Remanente Líquido de Tesourería	0,00
b) Baixas ou anulación de créditos	0,00
c) Novos ou maiores ingresos	37.044,67
3. FINANCIACION IGUAL A HABILITACIONES.....	37.044,67

**SEGUNDO:** Proceder a publicación e tramitación do expediente nos términos previstos no artigo 169 do RD lexislativo 20/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril e na Base 12ª das BEO/2015-prorrogadas.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**TERCEIRO:** Dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal Municipal e Negociado de Contabilidade.

Intervén a señora González Cerviño polo grupo municipal socialista para dicir que non ten nada que dicir porque ao seu grupo lle quedou claro na comisión informativa

Intervén a señora Alfonso Torres polo grupo municipal CxG para dicir que lle da a benvida a estes cartos que veñen da Deputación

Intervén a señora Lago Lestón polo grupo municipal do BNG para dicir que estaban de acordo no seu día a que se dedicaran os cartos á amortización de débeda e non se van a opoñer.

Rematadas as intervencións, por unanimidade dos membros presentes no pleno da corporación adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente núm. 845-2/2019 de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado, de acordo co seguinte detalle:

### I.- ESTADO DE GASTOS

#### I.A) Habilitacións

Proxecto	Aplicación	Exposición	Importe
2019/2/AMORT/1	19/011.91303	Amortización anticipada préstamo BBVA núm. 4549941	37.044,67
		<b>TOTAL habilitacións</b>	<b>37.044,67</b>

### II.- ESTADO DE INGRESOS. FINANCIAMENTO

#### II.A) Con cargo ao Remanente líquido de tesourería

Proxecto	Partida	Exposición	Importe
		<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>

#### II.B) Baixas ou anulacións de créditos

Partida	Exposición	Importe
	<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>

#### II.C) Novos ingresos efectivamente recadados sobre os previstos no orzamento

Proxecto	Partida	Exposición	Importe
2019/2/AMORT/1	19/911.00	Préstamo D. Provincial sen intereses POS + 2019	37.044,67
		<b>TOTAL</b>	<b>37.044,67</b>

### III. RESUMEN DA MODIFICACIÓN

Exposición	Euros
1.Total suplemento de crédito	<b>37.044,67</b>
2.Financiamento:	<b>37.044,67</b>
a) Remanente Líquido de Tesourería	0,00





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

b) Baixas ou anulación de créditos	0,00
c) Novos ou maiores ingresos	37.044,67
<b>3. FINANCIACION IGUAL A HABILITACIONES.....</b>	<b>37.044,67</b>

**SEGUNDO:** Proceder a publicación e tramitación do expediente nos términos previstos no artigo 169 do RD lexislativo 20/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril e na Base 12ª das BEO/2015-prorrogadas.

**TERCEIRO:** Dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal Municipal e Negociado de Contabilidade.

**Terceiro.-Aprobación inicial do expediente núm. 845-3/2019 de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado.**

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que a proposta que se presenta ao pleno ven co informe favorable da comisión informativa e explica que trátase de aplicar o remanente de tesourería para gastos líquidos xerais que ascende a 444,905, 04 euros unha vez feitos os axustes correspondentes sobre a cantidade que había de remanente. O suplemento de crédito que se propón iría destinado a amortización dun préstamo por importe de 251,240,57 euros ca entidade Bankinter e ao pago dos dous recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados neste exercicio por importe de 193.364,47 euros. A proposta conta tamén cos informes favorables de intervención municipal e da lectura ao tenor literal da proposta que é a seguinte:

*Considerando que a liquidación do exercicio 2018 do Orzamento Municipal de 2015 -prorrogado arroxou os seguintes resultados:*

- 1. Capacidade de financiamento: 870.726,32 euros.*
- 2. Remanente de tesourería para gastos xerais: 893.800,61 euros.*
- 3. Débeda viva a 31 de decembro: 973.752,47 euros.*
- 4. Porcentaxe de nivel de endebedamento: 15,27 por 100*
- 5. Período Medio de Pago a Provedores: 31,96 días.*

*Considerando que os artigos 12.5., 32 e a Disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establecen, baixos determinados criterios, a obriga de aplicar o superávit orzamentario en termos de contabilidade nacional, ata o limite do remanente de tesourería para gastos xerais, a amortización anticipada da débeda financeira e comercial.*

*Considerando que o superávit do exercicio 2017 non foi aplicado no 2018 de acordo cas referidas regras, ascendendo o remanente de tesourería para gastos xerais susceptible de financeiro, unha vez realizados os axustes extracontables preceptivos, a 16.019,07 euros que deben ser destinados a amortización anticipada da débeda financeira no exercicio 2019.*

*Considerando que o importes dos maiores ingresos recadados non afectados sobre os inicialmente previstos no exercicio 2018 ascenderon 121.174,42 euros, debendo igualmente, de conformidade co artigo 12.5. da LOEOSF, e con carácter prioritario, destinalo ao amortización de débeda financeira.*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Considerando que o Concello de Muros non pode acudir a aplicación do superávit orzamentario a realización de investimentos financeiramente sostibles por exceder do límite máximo de 30 días o período medio de pago a provedores.

Visto o informe de Intervención núm. 162/2019 do 03/07, no que, entre outras cuestións, faise constar que o remanente de tesourería para gastos xerais líquido dispoñible ascendería a 444.905,04 euros, unha vez deducidas as desviacións de financiamento acumuladas non aplicadas a incorporacións de remanentes con financiamento afectado (221.053,56 euros), e o importe das obrigas recoñecidas no exercicio 2018 das medidas especiais de financiamento, correspondente as cotas abonadas para a amortización do préstamo incluído no FFPP/2012 (227.842,01 euros).

Considerando que de acordo cas citadas regras a aplicación do superávit orzamentario sería o seguinte:

Expresión	RTGX	Superávit axustado
1. Remanente de tesourería para gastos xerais	893.800,61	870.726,32
2. (-) Axuste DF (+) acumuladas non aplicadas a incorporación de remanentes	-221.053,56	-221.053,56
3.(-) Medidas especiais de financiamento. OR no exercicio 2018.	-227.842,01	
4. (=) Remanente de tesourería para gastos xerais líquido	<b>444.905,04</b>	<b>649.672,76</b>
5. (-) Saldo RTGX do 2017 non aplicado no 2018 a amortización anticipada DF	-16.019,07	
5. (-) Amortización anticipada débeda financeira artigo 12.5. da LOEOSF	- 121.174,42	
6. (=) Remanente de tesourería par gastos xerais para aplicar a DA 6ª da LOEOSF	307.711,55	
7. (-) Saldo da conta 413 a 31/12/2018	-193.664,47	
8. (-) Amortización anticipada préstamos vivos	-114.047,08	
9. (=) Saldo final remanente	0,00	

Redactada memoria da Alcaldía co contido material previsto no artigo 37.2. do RD 500/1990, do 20 de abril, e polo tanto quedando debidamente xustificada a procedencia da modificación, a natureza específica e determinada do gasto, así como o carácter de fonte de financiamento da modificación dos recursos percibidos.

Visto o informe favorable de intervención núm. 233/2019 do 11/09, cas advertencias realizadas en canto ao impacto da modificación orzamentaria sobre a regra do gasto e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Considerando que se trata de gastos inaprazables que non poden demorarse ao exercicio seguinte, que se trata, igualmente, de gastos específicos e determinados, e que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Orzamentario das Entidades Locais.

Visto a anterior, se propón o seguinte acordo a adoptar polo pleno da corporación:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente núm. 845-3/2019 de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado, de acordo co seguinte detalle:





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**I.- ESTADO DE GASTOS**

**I.A) Habilitacións**

Aplicación	Expresión	Importe
19/011.91300	Amortiz. anticipada préstamo Bankinter núm. 0128.7671.10.0510001883	251.240,57
	<b>Habilitacións por amortización parcial anticipada de préstamo</b>	<b>251.240,57</b>
19/136.22114	Gastos pendentos de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	49.195,86
19/231.22618	Gastos pendentos de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	6.735,99
19/340.22699	Gastos pendentos de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	46.972,32
19/450.22103	Gastos pendentos de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	21.801,82
19/920.22100	Gastos pendentos de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	5.471,82
19/1621.46300	Gastos pendentos de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	39.751,17
19/231.48900	Gastos pendentos de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	193,73
19/170.61934	Gastos pendentos de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	3.044,36
19/342.61926	Gastos pendentos de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	20.497,40
	<b>Habilitacións por recoñecemento extraxudicial de créditos 2019</b>	<b>193.664,47</b>
	<b>TOTAL habilitacións</b>	<b>444.905,04</b>

**II.- ESTADO DE INGRESOS. FINANCIAMENTO**

**II.A) Con cargo ao Remanente líquido de tesourería**

Partida	Expresión	Importe
19/87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	444.905,04
	<b>TOTAL financiamento</b>	<b>444.905,04</b>

**II.B) Baixas ou anulacións de créditos**

Partida	Expresión	Importe
	<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>

**II.C) Novos ingresos efectivamente recadados sobre os previstos no orzamento**

Proxecto	Partida	Expresión	Importe
		<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>

**III. RESUMEN DA MODIFICACIÓN**

Expresión	Euros
<b>1.Total habilitacións por suplemento de crédito</b>	<b>444.905,04</b>
a) Amortización anticipada préstamo Bakinter	251.240,57
b) Gastos realizados sen dotación orzamentaria no exercicio 2018 (REC/2019)	193.664,47
<b>2.Financiamento</b>	<b>444.905,04</b>
a) Remanente Líquido de Tesourería	444.905,04
b) Baixas ou anulación de créditos	0,00
c) Novos ou maiores ingresos	0,00
<b>3. FINANCIAMENTO IGUAL A HABILITACIÓN</b>	<b>444.905,04</b>





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**SEGUNDO:** Proceder a publicación e tramitación do expediente nos términos previstos no artigo 169 do RD legislativo 20/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril e na Base 12ª das BEO/2015-prorrogadas.

**TERCEIRO:** Dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal Municipal e Negociado de Contabilidade.

Volve a intervir a presidenta da corporación, dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que entende que con isto quedaría resolta a aplicación do remanente e achandado o camiño para a elaboración dos orzamentos que pensa que entre todos se poderán facer porque son moi necesarios.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista a señora González Cerviño para dicir que non ten nada que dicir e que esperan polos orzamentos.

Intervén a voceira do grupo municipal CXG a señora Alfonso Torres para dicir que se alegran pola dispoñibilidade destes cartos que como xa se comentaba en plenos anteriores é un superavit do a no pasado e que benvido que isto axude a aliviar a economía do concello e desexar que sega nesta senda o concello.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG a señora Lago Lestón para dicir que entenden que estes cartos hai que investilos aí por lei e non hai moito mais que alegar.

Volve a intervir a señora alcaldesa para dicir que o remanente no caso do noso concello só se pode destinar a amortizar préstamos ou ao pago de débedas xa recoñecidas como é o caso dos recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Rematadas as intervencións cos votos a favor do grupo municipal popular, grupo municipal socialista e grupo municipal compromiso por Galicia e a abstención do grupo municipal do BNG adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente núm. 845-3/2019 de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado, de acordo co seguinte detalle:

**I.- ESTADO DE GASTOS**

I.A) Habilitacións

Aplicación	Expresión	Importe
19/011.91300	Amortiz. anticipada préstamo Bankinter núm. 0128.7671.10.0510001883	251.240,57
	<b>Habilitacións por amortización parcial anticipada de préstamo</b>	<b>251.240,57</b>
19/136.22114	Gastos pendentes de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	49.195,86
19/231.22618	Gastos pendentes de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	6.735,99
19/340.22699	Gastos pendentes de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	46.972,32
19/450.22103	Gastos pendentes de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	21.801,82
19/920.22100	Gastos pendentes de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	5.471,82
19/1621.46300	Gastos pendentes de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	39.751,17







**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

19/231.48900	Gastos pendentes de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	193,73
19/170.61934	Gastos pendentes de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	3.044,36
19/342.61926	Gastos pendentes de aplicar a orzamento. Saldo 413 a 31/12/2018	20.497,40
	<b>Habilitacións por recoñecemento extraxudicial de créditos 2019</b>	<b>193.664,47</b>
	<b>TOTAL habilitacións</b>	<b>444.905,04</b>

## II.- ESTADO DE INGRESOS. FINANCIAMENTO

### II.A) Con cargo ao Remanente líquido de tesourería

Partida	Expresión	Importe
19/87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	444.905,04
	<b>TOTAL financiamento</b>	<b>444.905,04</b>

### II.B) Baixas ou anulacións de créditos

Partida	Expresión	Importe
	<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>

### II.C) Novos ingresos efectivamente recadados sobre os previstos no orzamento

Proxecto	Partida	Expresión	Importe
		<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>

## III. RESUMEN DA MODIFICACIÓN

Expresión	Euros
<b>1.Total habilitacións por suplemento de crédito</b>	<b>444.905,04</b>
a) Amortización anticipada préstamo Bakinter	251.240,57
b) Gastos realizados sen dotación orzamentaria no exercicio 2018 (REC/2019)	193.664,47
<b>2.Financiamento</b>	<b>444.905,04</b>
a) Remanente Líquido de Tesourería	444.905,04
b) Baixas ou anulación de créditos	0,00
c) Novos ou maiores ingresos	0,00
<b>3. FINANCIAMENTO IGUAL A HABILITACIÓN</b>	<b>444.905,04</b>

**SEGUNDO:** Proceder a publicación e tramitación do expediente nos termos previstos no artigo 169 do RD legislativo 20/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril e na Base 12ª das BEO/2015-prorrogadas.

**TERCEIRO:** Dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal Municipal e Negociado de Contabilidade.

**Cuarto.-** Aprobación inicial da Disposición regulamentaria do réxime xurídico das Bases que rexerán a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións dirixidas a clubs deportivos do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico e a entidades, sen ánimo de





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte que consta no expediente (541/2019).**

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que a proposta ven con informe favorable da comisión informativa aprobada por unanimidade e de todos é coñecido o dinamismo das asociacións deste concello que organizan e levan a cabo numerosas iniciativas ao longo do ano ceñíndonos hoxe en particular ás asociacións de carácter deportivo e cree falar en nome de todos cando se fai un recoñecemento e felicitación polas diversas iniciativas que desenvolven. Un dos instrumentos que dende o concello acolle a estas entidades é a convocatoria de subvencións e o que se propón ao pleno é aprobación das bases reguladoras da concesión de subvencións tanto a entidades como a clubs. Tamén quere agradecer o traballo do persoal da área de deportes do concello que sempre se implica para que as distintas probas e actividades poidan saír adiante e tamén fixo un traballo en colaboración con intervención e secretaría de corrección destas bases. A proposta ben tamén cos informes favorables de intervención e secretaria.

*Ditame da comisión informativa*

*Visto o expediente administrativo 541/2019 que se tramita en este concello para a aprobación da Disposición regulamentaria do réxime xurídico das Bases que rexerán a concesión en réxime de concorrencia competitiva subvencións dirixidas a clubs deportivos do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico e a entidades, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte que consta no expediente e se acompaña como anexo*

*Visto que consta no expediente informes do departamento de deportes, da secretaría xeral e fiscalización de intervención municipal*

***Propoño a adopción polo pleno da corporación do seguinte acordo:***

***Primeiro.- Aprobar inicialmente a Disposición Regulamentaria do réxime xurídico das Bases que rexerán a concesión en réxime de concorrencia competitiva subvencións dirixidas a clubs deportivos do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico e a entidades, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte que consta no expediente***

*541/2019 e que se incluíra no acordo plenario*

***Segundo.- Someter o Expediente a Información Pública e Audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.***





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**Terceiro** .- No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a señora González Cerviño para dicir que eles están moi de acordo que se traia isto ao pleno e que cree que efectivamente a labor que fan os nosos deportistas e as persoas implicadas que necesitan destas axudas canto antes e que é importante que se aprrobe o regulamento para que canto antes se lles entreguen as subvencións as que teñen dereito.

Intervén a voceira do grupo municipal CXG a señora Alfonso Torres para dicir que vendo que están corrixidas as deficiencias que había nas bases anteriores a eles lles parece ben e por suposto tanto as actividades deportivas como as culturais son un gran motor de dinamización do noso concello e toda axuda para elas é necesaria e boa.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG a señora Lago Lestón para dicir que eles están totalmente de acordo cas bases e non se van a opoñer para nada e si que pedimos que se axude no menor tempo posible porque algunhas entidades non están recibindo as axudas é lle fai moita falta os cartos.

Volve a intervenir a señora alcaldesa para dicir que efectivamente trouxémolas con bastante premura en canto puidemos e queren convocalas para este ano e era a última oportunidade para poder facelo di tamén que como non leu a proposta a vai ler para que conste na acta. A continuación lee a proposta que é do teor literal seguinte:

Rematadas as intervencións, por unanimidade dos membros presentes no pleno da corporación adóptase o seguinte acordo:

**Primeiro**.- Aprobar inicialmente a Disposición Regulamentaria do réxime xurídico das Bases que rexerán a concesión en réxime de concorrencia competitiva subvencións dirixidas a clubs deportivos do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico e a entidades, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte que consta no expediente 541/2019 e que se incluírá no acordo plenario

**Segundo**.- Someter o Expediente a Información Pública e Audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

**Terceiro** .- No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**Quinto.-Aprobación inicial da Disposición regulamentaria do réxime xurídico das Bases que rexerán a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas para deportistas do Concello de Muros. (541/2019)**

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero que di que a proposta ven co informe favorable da comisión informativa aprobada tamén por unanimidade a argumentación exposta no punto anterior se pode reproducir neste punto. Temos deportistas destacados a nivel individual en diversas modalidades e consideran necesario apoialos e animalos para que segan levando o nome do noso concello naqueles lugares e competicións nas que participen. Tamén aquí contamos cos informes favorables de intervención e secretaría e a proposta ven a ser parecida á anterior, a continuación lee a proposta que se presenta ao pleno que é do teor literal seguinte

*Ditame da comisión informativa:*

*Visto o expediente administrativo 541/2019 que se tramita en este concello para a aprobación da Disposición regulamentaria do réxime xurídico das Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas para deportistas do Concello de Muros que consta no expediente e se acompaña como anexo.*

*Visto que consta no expediente informes do departamento de deportes, da secretaría xeral e fiscalización de intervención municipal.*

*Propoño a adopción polo pleno da corporación do seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Aprobar inicialmente a Disposición Regulamentaria do réxime xurídico das Bases que rexerán a concesión en réxime de concorrencia competitiva de bolsas para deportistas do concello de Muros que contan no expediente 541/2019 e que se anexarán ao acordo plenario.*

**Segundo.-** *Someter o Expediente a Información Pública e Audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.*

**Terceiro .-** *No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.*

Non habendo intervencións o pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes adoptan os seguintes acordos:





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a Disposición Regulamentaria do réxime xurídico das Bases que rexerán a concesión en réxime de concorrencia competitiva de bolsas para deportistas do concello de Muros que contan no expediente 541/2019 e que se anexarán ao acordo plenario.

**Segundo.-** Someter o Expediente a Información Pública e Audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

**Terceiro .-** No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.

A señora alcaldesa agradece o toda a corporación o apoio a estes dous colectivos que cree que son moi importantes para o noso concello

**Sexto.-Proposta moción presentada polo grupo municipal socialista de apoio a campaña Emerxencia feminista promovida polas organización de mulleres con motivo da acción prevista para o 20 de setembro de 2019 en todo o país.**

Intervén a señora alcaldesa dona Inés Monteagudo Romero para dicir que esta moción se acordou na comisión informativa prantexala como unha declaración institucional posto que estaban todos os grupos de acordo. As actuacións xa se fixeron o pasado día 20. Nestes momentos a señora alcaldesa lle concede a palabra a concelleira do grupo municipal socialista Sandra Maneiro Pais que da lectura a proposta da moción presentada que é do teor literal seguinte:

*PROPOSTA DE MOCIÓN DE APOIO Á CAMPAÑA #EmerxenciaFeminista PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES CON MOTIVO DA ACCIÓN PREVISTA PARA O 20 DE SETEMBRO DE 2019, EN TODO O PAÍS*

***Ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Muros***

***Ao amparo do disposto no artigo 97.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado po RD 2569/86 do 28 de novembro, o Grupo Municipal PSdeG-PSOE presenta para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a proposición sobre "Apoio á campaña # EmerxenciaFeminista promovida en Galicia, entre outras, polas organizacións de mulleres: Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia, Rede Galega pola Igualdade, Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega, Sociedade Galega de Sexoloxía, soño de Lilith, Teenses pola igualdade, Foro feminista Maruxa Mallo, Asociación Viúvas Demócratas de Vigo, Colectivo Feminista Pontevedra, Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, así como a agrupación Comando Igualdade , e outras que se poderán ir sumando; todas elas en repulsa contra os asesinatos de mulleres e a violencia machista",***





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*O verán de 2019, será recordado como un verán negro. Os telexornais énchense de asasinatos machistas, os seus titulares din que aparecemos mortas, non señores, estannos asasinando. O pasado mes de xullo, cada dous días, unha muller foi asasinada.*

*Isto xa non é unha alerta, declaramos a emerxencia feminista. Pais que asasinan aos seus fillos e fillas para causar o maior dos sufrimentos. Pederastia, trata, desaparicións, asasinatos, chantaxes, extorsión, ameazas, acoso, agresións, abusos, manadas, violacións están á orde do día. Unha xustiza que non é xusta, poñendo en dúbida a declaración das vítimas. Sentenzas sen sentido que nos manda a mensaxe alta e clara de que "o teu corpo non te pertence, a túa vida non te pertence".*

*E seguimos, seguimos como si se puidera continuar. Seguimos porque están acostumbrados á nosa xustiza, están acostumbrados á violencia, están acostumbrados a tratarnos coma cidadáns de segunda, acostumbrados aos nosos corpos sen vida. Para vos "estas cousas pasan e pasan sempre". Seguimos neste estado de guerra inadmisíbel nun estado democrático.*

*Non hai tempo, paremos o mundo, non se pode seguir normalizando esta situación, non se pode seguir condenado ás mulleres a convivir co terrorismo machista. Un terror que se mete en cada recuncho do noso día a día, coa dúbida constante de que será a seguinte.*

*Fáltannos as máis de mil mulleres asasinadas dende o 2003, fáltannos todas as que non foron contadas, todas as que xa non testán. So no mes de xullo 13 mulleres e un menor foron asasinadas.*

*Basta de mirar cara outro lado, de falta de compromiso, dos erros que se permiten. Esiximos responsabilidade e maior compromiso de todas as institucións do noso Estado de Dereito.*

Por todo o anterior, **SOLICITAMOS:**

*Apoio deste corporación municipal á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada pola organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través dos medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:*

*1 Iluminar de violeta a noite do 20 de setembro a fachada do Concello ou a zona onde se realice a concentración convocada polas organizacións como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación e que lle poida ser solicitada polas organizacións convocantes.*

*2 Pronunciamento da corporación contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, ee contra a apatía e a indiferenza.*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

*3 Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestinamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso desde todas as instancias: iso é terrorismo de estado.*

Volve a intervir a señora alcaldesa para dicir que como se dixo, na comisión informativa se acordou prantexar esta proposta como unha declaración institucional que cree que todos lamentamos profundamente a situación que están vivindo moitas mulleres e iluminamos de violeta como se pedía a fachada do concello durante ese fin de semana, fixemos un acto de repulsa e apoio das vítimas ao día seguinte dos terribles crimes que sucederon en Valga e cree que toda a corporación está contra todas aqueles medidas, campañas e mensaxes que contribúen a xustificación da violencia de xénero

Intervén a voceira do grupo municipal CXG, a señora Alfonso Torres para dicir que a pesar de que a moción pide algo que xa se fai e se leva facendo dende hai moitos anos, polo actual equipo de goberno e por todos os anteriores, calquera cousa que vaia en contra da violencia e ben recordalo e insistir e visivilizalo, co cal lles parece ben a moción presentada polo grupo municipal socialista e unha magoa que teñamos que seguir manifestando a nosa repulsa por estes actos cada vez mais terribles por certo.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG a señora Lago Lestón para dicir que dende o grupo do BNG como xa se dixo na comisión si estamos totalmente de acordo co fondo e co motivo pero lles parece escaso para levar a cabo por as administracións. As manifestacións a pe de rúa cando parten da sociedade son necesarias pero se as administracións o único que podemos é dicir que estamos en contra do maltrato e acender a luz podemos ir devolvendo os cartos do Pacto contra a Lei de Violencia de Xénero porque sobran. Hai un montón de cousas que se poden facer e a día de hoxe hai ferramentas que se poden utilizar en violencia de xénero, se devolveron as competencias ás entidades municipais, os cartos que chegan dende o estado son insuficientes si de verdade se quere facer unha actuación real e efectiva, os dous mil e pico euros dan apenas para o evento que se vai a facer de violencia persoal e creemos que dende as administracións debemos reclamar que se actúe. Eles non coñecían en profundidade a asociación emerxencia 21 e lendo o manifesto que publicaron a semana pasada, elas si reclaman que se tomen medidas efectivas, Procede a leer e dí: Estamos desamparadas non podemos confiar nunha xustiza que segue sendo patriarcal, nunhas institucións que miran cara outro lado, nunha sociedade participativa e cómplice, a violencia non é illada é sistémica, este verán fomos testemuñas de campañas que custan millóns de euros e seguen poñendo foco nas mulleres en lugar de nos agresores perpetuando a clásica violencia institucional, pedir que as mulleres denunciemos cando non se ten unha estrutura institucional segura é unha irresponsabilidade e unha vergoña somos moitas as que protestamos por isto e de todas as asasinadas neste ano o 20% tiñan unha orde de afastamento e aínda así non se cumpriron cas medidas é importante dende as administracións tomar medidas efectivas reais se simplemente protestamos e nos manifestamos e acendemos luces o único que acabaremos facendo é ruído. Cando algo non é efectivo e como unha ambulancia que chega e non recolle a ninguén e non che leva a ningún lado, só fai ruído. Utilizando o símil da emerxencia se non facemos nada máis que protestar pouco imos facer e dende as administracións non só podemos





## CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

protestar que está ben para darlle visibilidade ao problema pero hai que facer algo mais, non chega con acender as luces,

Intervén a voceira do grupo municipal socialista a señora González Cerviño para dicir que eles están en contra de toda a violencia non so da violencia de xénero e da violencia de xénero porque é moito máis palpable e as mulleres son un grupo mais vulnerable con respecto á violencia e non se pode consentir este número de mortes, cree que todo é pouco pero non cree que dende as institucións non se estea facendo nada porque a parte dos cartos que viñeron agora para facer eses cursos, eles deixaron no orzamento unha cantidade de cartos especialmente para iso e o concello de Muros dende fai moitos anos, dende que se empezou a ter conciencia desta lacra, todos os grupos que estiveron gobernando, uns mais, outros menos, arrimaron un pouco as necesidades do concello para adicar fondos para estas mulleres. As armas son as que son, temos un CIM no concello de Muros, temos unha casa para o acollemento de mulleres. Esperan que cando se faga un orzamento se poña algo mais para paliar este problema. Por suposto que non é suficiente con acender as luces pero todo o que se visibilice é importante para dicirlle aos agresores ou agresoras que o concello de Muros non está de acordo nin vai a defender nin a tapar ou esconder ningún tipo de violencia. Si escoitamos as mulleres pero os límites son os que son e debemos loitar cada día con emendas, con manifestacións, con todo tipo de armas para que isto non siga pasando, faga o que se faga todo e bo e nunca é pouco, trouxemos a moción porque acababa de pasar un problema moi gordo e dende o concello de Muros cree que todos queren que se visualice que cas armas que temos todos estamos en contra sen coartar a liberdade de ninguén porque non ten competencias o concello pero si que a xente que veña a vivir ao concello que saiba que o ten moi difícil con ese tipo de delitos.

Volve a intervir a alcaldesa para dicir que cree que a proposta do grupo socialista e para visualizar o noso rexeitamento á violencia realizada nestes días e mostrar solidariedade cas vítimas. Tamén é importante o traballo de educación que todos temos que afrontar nas nosas casas e cos nosos veciños e familias de esa visualización. O BNG presentou outra moción dun carácter máis xenérico que podería ser a base para que entre todos fixéramos un acordo para o día internacional contra a violencia de xénero nunha comisión que xa os empracei e nunha xunta de voceiros que faremos para entre todos acordar unha proposta e as actuacións que poderamos facer que sexan sempre en positivo e boas para as mulleres deste país.

Rematadas as intervencións, a proposta presentada polo grupo municipal socialista convertida en declaración institucional e aprobada por unanimidade dos membros presentes da corporación municipal.

### **B Mocións de urxencia**

**Non se presentan mocións de urxencia**







**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

## **C Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno**

**6** Dar conta das resolucións da Alcaldía núm.976 ata 1246 e das Xuntas de Goberno Local do 30 de xullo, 9 de agosto e 23 de agosto de 2019.

### **7 Rogos e preguntas**

Intervén a alcaldesa para dicir que primeiro vai a contestar ás preguntas formuladas no pleno anterior

Preguntas da voceira do grupo municipal CxG

Sobre o día e hora das Xuntas de Goberno local, os venres ás 10 horas cada 15 días, sen prexuízo de facelas cando sexan necesarias por razóns de urxencia

Sobre si rematou a licitación do cine París, si rematou. Houbo que celebrar varias mesas de contratación para poder adxudicar pero finalmente a adxudicación xa está acordada na Xunta de Goberno Local

Sobre o asunto do Petón, se lle notificou ao rexistro da propiedade a inclusión das parcelas no inventario municipal ao tempo que solicitamos unha certificación literal histórica desas fincas para proceder as actuacións legais que correspondan

Sobre os camións de recollida de lixo, para información se nos deu traslado dun informe no que se nos dou conta que unha vez que os vehículos se puxeron en funcionamento detectáronse vicios ocultos consistentes na falta de adherencia incumprindo os vehículos a normativa en materia de tráfico para poder circular e tamén na velocidade de carga que se vía aumentada por tres ou por catro da que tiña que ser. Están intentado dende a Mancomunidade buscar unha solución técnica coa empresa que subministrou os vehículos e entre tanto se puxo a disposición da Mancomunidade dous camións sen custe e en canto ao camión pequeno atopábase pendente dunha actualización por problemas técnicos. En resumo ningún dos camións que se incluíron están en servizo e ademais aí que facer unha serie de modificacións nos puntos de recollidas en canto se poña en servizo o camión pequeno posto que o ancho do vehículo dificulta moito o paso por determinadas zonas algo do que a señora Alfonso era coñecedora e lle dou o visto bo segundo nos indicaron dende a Mancomunidade e a empresa

Sobre o inicio das obras da praza do cristo de Tal, Agra de Filgueira en Louro e Rateira e Vistavós. A praza do Cristo iniciáronse as obras o día 5 de agosto, Agra de filgueira o 14 de agosto e xa están de feito case rematadas e as de Vistavós tamén están iniciadas e intercaláronse entre as de Rateira e Vistavós as da Agra de Filgueira para tratar de tela lista antes de que empezaran os colexios porque alí e unha zona de colexios





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Preguntas da voceira do grupo municipal do BNG

Sobre o procedemento de selección de persoal de brigada de obras, consta que se convocou a unha persoa reclamante a repetir a proba de entrevista persoal e en canto a saber se se vai a convocar as outras persoas cando a secretaria non estivo quería dicirlle en primeiro lugar que os tribunais de selección de persoal son órganos independentes formados polo persoal do concello nos que non interveñen nin esta alcaldía nin ningún concelleiro e eu como alcaldesa me limito a asumir a proposta que fai o tribunal sobre a selección. Os membros dos tribunais son funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo que conta en todos os casos cunha titulación igual ou superior as prazas que se ofertan. Vostede propoñía que fora persoal externo cualificado e iso consiste dende o noso punto de vista nunha externalización dos tribunais de selección de persoal que non é legalmente posible. Houbo unha soa reclamación que se atendeu e non se presentou ningunha outra.

Sobre o anuncio de fibra para Torea e Abelleira, as noticias que nos temos é que a fibra vai chegar a todo o concello e temos programada unha reunión con Amtega para que nos de cumprida información deste tema e saber cando vai a estar operativa a fibra particularmente nestes dous lugares.

Sobre a licitación da obra no palco de tal, como lle dicía iniciouse a obra no día 5 de agosto.

Tamén o señor Uhía presentou hoxe por rexistro unhas preguntas para ser contestadas no pleno dado que as respostas require recadar información de distintos departamentos da área económica e de contratación e nestes días ao ser final de mes, están coa elaboración da nómina non foi posible recadar esa información contestarémolle á maior brevidade. Rógolle en todo caso se pode ser que presente as súas preguntas con un pouco mais de antelación para facilitarlle o traballo a estes departamentos e poder contestarlle ca maior axilidade

Unha vez contestadas as preguntas do pleno ordinario do mes anterior, lle concede a palabra aos grupos municipais.

Intervén a señora González Cerviño para preguntar se está na mente do grupo do goberno poñer en marcha os contedores soterrados, se lle deu tempo a revisar o contrato da auga e o do lixo se se vai a proceder a algunha reunión da mancomunidade da auga

Intervén a señora Alfonso Torres para dicir que lle quere facer un rogo e unha solicitude xa feita no concello para arranxar e sinalizar a parada de Bus en Xantoque. Hai unha reserva de aparcamento feita detrás do quiosco de Roque parece ser que para o mercadillo, queremos preguntar se ten autorización de portos. Tamén queremos saber se se concretou a colaboración da Federación Galega de Fútbol para o arranxo do Eleuterio Balayo e no caso de que se concretara en que consiste esa colaboración e si o goberno local ten unha estimación do que pode valer. Outro rogo e o arranxo do camiño da Gardiña que xa se levaba tempo falando ca brigada de obras e xa foron alí en varias ocasións a miralo e agora que hai mais xente na brigada de obras, rogar que por fin se vaia a arranxar ese camiño. Queremos preguntar se para intentar arranxar os problemas ca recollida de lixo se a brigada de obras fixo algunha





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

hora extra e se tivo algunha reunión ca mesa de negociación co persoal do concello e no caso de que así fora que temas se trataron nesa mesa de negociación e para finalizar un rogo sobre algo que se tratou neste pleno, sobre a igualdade que ten que ver coa violencia de xénero, hai uns bolechas que tratan o tema de igualdade que se estaban repartindo a alumnado de nova incorporación en infantil e o rogo é que se siga con esa iniciativa porque nos parecía unha maneira moi efectiva de introducir nas vivendas e familias o tema da igualdade a través dos nenos mais pequenos.

Intervén a señora Lago Lestón para dicir que intentará non repetirse porque hai preguntas que xa levan varios grupos. Esta semana recibimos copia das alegacións presentadas ao proxecto da obra en Punta de Abelleira e pregunta se recibiu contestacións as alegacións e en caso de recibilas cal foi esta contestación. Cando van a començar as obras do cine París, e no Eleuterio Balayo, levouse a cabo polo concello algunha actuación para a retirada do poste que hai na baixada da praia de Ventín. Temos un rogo, actualmente na parada do alto do Caño, en Abelleira non collen os nenos e nenas na marquesiña e pedimos que se busque algunha forma para paliar este problema. Cando ten pensado o concello pagar as facturas correspondentes ao acordo tomado por esta corporación para a financiación dos festivais de Castelo Rock e das Carrilanas así como do resto de asociacións do concello, constannos que hai varios casos nos que corren risco de perder o subministro dos provedores por retrasarse co pago. Como vai o tema da televisión en Torea e Abelleira, fíxose o novo goberno algunha xestión. Rogamos que se arranxen os adoquíns do Vilar xa están bastante soltos e non viña de mais pasarlles unha revisión. Como está procedendo o concello perante os avisos dos animais nas rúas. Ten algún procedemento de actuación para a recollida sobre todo cando supoñen un perigo tanto para a circulación como para o resto da xente. Comenzou o goberno a traballar nuns novos orzamentos. Por último rogarlle que xa que aprobamos hoxe as bases para as axudas as entidades deportivas que se dote de vestiarios femininos os distintos pavillóns porque utilizan de forma conxunta as instalacións.

Intervén a señora alcaldesa para dicir que toma nota dos seus rogos e as preguntas que algúns xa foron atendidos e seguirán nesa liña de tratar de dar cumprimento as súas solicitudes e lle contestará no seguinte pleno ordinario.

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinte e nove horas e quince minutos , de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.

Documento asinado electrónicamente

